

## NOVA INSCRIPCION ROMANA NO MUSEO DE LUGO

por FELIPE ARIAS VILAS

Polos anos 1972-1973 tivéramos noticia da aparición dunha pedra de ara ó faceren un camiño ó pé da muralla exterior do castro de Penarrubia (parroquia de S. Miguel de Orbazai, término municipal de Lugo, a uns 7 km. da capital).

Daquela pedra, que entón só poidéramos ver cunha ollada rápida e sen vagar, foi dada noticia breve no XV Congreso Nacional de Arqueoloxía en 1977 (1), e posteriormente incluída no **corpus** de inscripcións romanas de Lugo, indicando a precariedade dos datos coñecidos, que só eran o lugar da descuberta e malamente a lectura das dúas últimas liñas, que a encadraban no grupo de aras ou dedicacións relixiosas (2).

A pedra en cuestión, que debeu pasar por moitas vicisitudes, perdeuse de vista ate que o seu descubridor e propietario, don José Darriba Varela, veciño do propio lugar de Penarrubia, donouna para o Museo Provincial no mes de novembro de 1983, onde hoxe se conserva e expón.

Curiosamente, agora que a inscripción foi recuperada e pode verse demoradamente, poucos datos novos seguros se poden engadir á súa lectura.

Trátase dun ara completa en pedra de gran grosor do país, que salta con certa facilidade. A súa forma é bastante estilizada e conserva a parte inferior para o seu posible fincado no chan. Na parte superior leva dúas sinxelas volutas cilíndricas (diámetro aprox. 8 cms.), con círculos remarcados no frente, que encadran un **focus** case perfectamente ovalado de adiante a atrás da pedra. Separa esta decoración do campo epigráfico unha moi lene escotadura recta.

As dimensións totais son 57,5 x 19 x 10 cms., mentres o campo epigráfico ten 31 x 17,5 cms. As letras, por liñas, miden: 1<sup>a</sup>, 4,5/5; 2<sup>a</sup>, 4; 3<sup>a</sup>, 4/5; 4<sup>a</sup>, 3/4,5, e 5<sup>a</sup>, 3 cms.

A súa lectura, como deciamos, plantexa graves problemas, dadas as imperfeccións e cacarañaduras da pedra, así como a impericia, case torpeza manifesta, do lapicida, que grabou o texto sen pauta ningunha, con letras de tamaño desigual e sen respetar distancias nin proporción.

Por todo iso, a lectura que aquí se propón non deixa de ser, en grande parte, arriscada:

(1) Cfr. F. ARIAS VILAS, "El castro de Penarrubia (Lugo) y la novedad de su datación por C 14", *Actas del XV C.A.N.*, Zaragoza, 1979, pág. 614.

(2) Véxase F. ARIAS VILAS, P. LE ROUX et A. TRANOVY, *Inscriptions romaines de la province de Lugo*, París, 1979, nº 98. (=IRPL).

N A V I A  
 . . . A M  
 F L A E  
 X V O T  
 O

A Navia?, ...am...? (ou ...Ma(rcus Fl(avius)?, en cumprimento dun voto.

Na primeira liña, a posible divinidade á que está adicada a lápida poidera ser **Navia**, con tódo-las salvedades nas que o torpe grabado fai pensar. As letras mais claras (?) son **VIA**, pero o rasgo da dereita do **A** pode non ser tal ó haber alí unha desconchadura da pedra con ese mesmo sentido e inclinación e que pode levar a engano. En todo caso, entra dentro do posible que esa rotura viñera dada precisamente por ter un rasgo alí grabado, xusto no límite do bloque de pedra, onde facilmente esta poidera saltar.

Entre a primeira e segunda liña hai uns rasgos aparentemente inconexos, que ben poideran ser repiques posteriores ou, mais ben, fallas da pedra.

Esta ilexibilidade acentúase na segunda liña, onde o comenzo aparece esnaquizado e saltado do soporte. Logo, as letras que se poden apreciar son **A** e **M**, ou **M** e **A**, coa variante de nexo que se queira escoller.

A terceira liña ofrece uns rasgos mais claros, pero, en cambio, mais irregulares. O posible **F** inicial non pode convertirse fácilmente en **E** aínda que se quixera, e non hai falla da pedra neste punto. Igualmente, o posible **L** seguinte está claramente grabado, aínda que a súa inclinación cara ó lado esquierdo, en vez de ó derecho, na parte inferior, indicaría un total descoñecemento da letra por parte do grabador. Outra posibilidade sería ler **I**, pero asimesmo cun **ductus** totalmente irregular e atípico. Os **A** e **E** finais, que están precisamente xunto, corresponden a dúas palabras diferentes, xa que **E** enlaza co **X** da 4<sup>a</sup> liña para formar o **EX** formulario. Entre a 3<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> liña asoman, segundo a luz rasante que reciban, uns rasgos cortos e pouco claros, ás veces ligados, se non son propriamente, como supoñemos, fallas e esquirillas saltadas da pedra. Chega a dar a impresión de que no centro se quixo facer unha especie de **hedera distinguens** deitada, moi ruín, e fora do sentido normal da composición do texto.

A 4<sup>a</sup> e 5<sup>a</sup> liñas resultan mais flexibles e lóxicas epigráficamente, tendo en conta o conxunto da ara, e considerando sobre todo o focus superior, aínda que o **X** e o primeiro **O** de **VOTO** son ruíns e mal feitos, ben pola impericia do grabador ben por coincidir cunha parte feble do soporte de pedra.

A letra final ten un canon moito mais pequeno que o resto, a tono coas irregularidades de toda a inscrición.

A propria mala presentación e rematado da ara pode, non obstante, axudar á súa interpretación e comentario. Vaia por diante que a identificación da divinidade **Navia** e o nome do adicante, ou noutro caso dun posible epíteto daquela, o cal parece menos viable, non son seguras e admiten novas hipótesis, segundo se interpreten, por exemplo, os presuntos nexos da 2<sup>a</sup> liña: **AM**, **MA**, e incluso **MAL...** se un lixeirísimo rasgo final desta segunda liña fixera pensar nun posible triple nexo **M-A-L-**, (dun **Camalus?**), con tódalas reservas propias do caso. Con todo, unha

lectura hipotética pero plausible para estas liñas pode ser a indicada mais arriba: a de Ma(-rcus) Fl(-vius ou -vus), considerando ademais que os adicantes doutras aras veciñas dirixidas a Navia parecen ter sido un **Publius Flavius?**, e un **Sulpicius Maximus** (3).

O que chama a atención é que as aras adicadas a Navia parecen ter, no seu conxunto, a característica común da súa torpidade, a conseguinte dificultade de lectura e a "anormalidade" en canto ás regras epigráficas latinas pesia ós nomes dos adicantes. Lembrese, por exemplo, a nº 71 do IRPL, onde a falta de **ordinatio** e as sucesivas abreviaturas dunha soia letra, máilo símbolo astral (un crecente luar), que se ten interpretado como unha trasposición dun motivo funerario, plantexan dificultades de interpretación, e a nº 72 que é tamén un altar con aspecto rudimentario nel mesmo e no seu texto, non obstante, como indicabamos, a onomástica latina dos adicantes (4).

Para N. Ares (5), esta divinidade, **Navia** ou **Nabia**, coas súas variantes e epítetos, tería claramente un papel funerario vencellado precisamente á lúa, frente ó carácter de deidade acuática que sempre se lle atribuiu, ligándoa incluso ó río do mesmo nome (6).

A ara de Penarrubia viría a engadirse a aquelas dúas da provincia de Lugo e o seu lugar de aparición non dista moito, certamente, de onde foron achadas as xa coñecidas (estribacións do monte Picato, en Guntín), pois en liña recta son uns 10 km. os que hai entre os dous lugares (7).

O carácter galaico-romano, é decir aquí, unha peza de época romana e con onomástica latina pero con tradición e certo sentido indíxena pola propia divinidade e a feitura da ara, acaería ben, por outra parte, ó contexto arqueolóxico do entorno onde apareceu a inscripción. Xa noutro lugar (8), facíase ver o carácter antigo do castro de Penarrubia, e que os elementos de época romana estaban ou ben fóra do castro, como a pedra que nos ocupa (en todo caso ligada ó mundo castrexo), ou ben no seu entorno, como os castros de Orbazai e de Castrillón (éste no veciño monte de Adai, á vista do de Penarrubia), que teñen proporcionado algúns achados posteriores ó cambio de Era (9).

(3) IRPL, cit. pág. 90 ss.

(4) IRPL, cit.

(5) Véxase, con diferencias de opinión con respecto a outros autores, N. ARES VAZQUEZ, "Exvotos lucenses a la diosa Navia", Boletín de la Comisión provincial de Monumentos de Lugo (=BCPML), IX, 85-86, 1976, pág. 237 ss.

(6) Temos comentado as particularidades desta inscripción de Penarrubia co mesmo Nicandro Ares, a quem lle agradecemos as súas sugerencias.

(7) A localización das adicaturias a **Navia/Nabia**, a raiz dos datos do CIL, J. M<sup>a</sup> BLAZQUEZ, **Religiones prerromanas de Hispania. I. Fuentes literarias y epigráficas**, Roma, 1962, pág. 178 ss., e logo IDEM, **Diccionario de religiones prerromanas de Hispania**, Madrid, 1975, pág. 131 ss., e IRPL, céntranse no cadrante Noroeste da Península Ibérica, agás algún caso da conca do río Texo.

(8) ARIAS, "El castro...", cit., pág. 618 ss.

(9) O castro de Orbazai ten dado material de época romana como unha pequena cunca de cerámica bruñida negra decorada a imitación dos vidros de costelas, cfr. F. ARIAS VILAS, "Problemas científicos y museológicos de la Sección de Arqueología del Museo Provincial de Lugo", Actas del XIV C.A.N. (Vitoria, 1975), Zaragoza, 1977, pág. 37, fig. 2. O castro de Castrillón é unha perfecta rodeira en ladeira, totalmente artificial, en forma de verdadeiro "castrum" circular. Existen outros exemplos deste tipo de xacemento na comarca central lucense con sinais de romanización, recollidos no Inventario Arqueológico da provincia de Lugo (Min. de Cultura, 1981-82, inédito). Cfr. tamén, M. VAZQUEZ SEIJAS, "Mansión céltica en tierras

As aras de Navia da comarca do Picato foron datadas no s. II e III d.C., e nada impide unha cronoloxía similar para a de Penarrubia (tendo en conta que polas súas características é unha datación pouco segura), e neste castro ou ó seu pé viría ser colocada (se non foi trasladada posteriormente), unha vez que aquel xa fora abandonado (10).

En todo caso, esta inscripción galaico-romana do Museo de Lugo, como tantas outras, ofrece áinda portas abertas ó seu estudio e interpretación, xa que o seu propio carácter, en grande parte “frustro” utilizando un término numismático, permite outras hipóteses.

---

lucenses”, BCPML, VI, 49-52, 1958-59, páx. 274 ss., ánda que fundamentalmente descriptivo e sen cronoloxía nin consideracións históricas especiais.

(10) Este abandono produciríase no século VI-V a.C., a teor dos datos arqueolóxicos e a datación do Carbono 14. Vid. nota 1, e recentemente, F. CALO LOURIDO e X.C. SIERRA RODRIGUEZ, “As orixenes do castrexo no Bronce final”, Estudos de cultura castrexa e de Historia antiga de Galicia, Compostela, 1983, en especial páx. 32 ss.

